

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE EDUCACIÓN, DIVULGACIÓN, VOLUNTARIADO AMBIENTAL

En Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2016

REUNIDOS

Por unha banda dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, actuando no nome e representación da Xunta de Galicia en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, en relación co establecido Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

E doutra, dona Virxinia Rodríguez Álvarez, na súa condición de presidenta da Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia (ADEGA), con CIF: G-15044811, en nome e representación da dita entidade conforme ás facultades que lle outorgan os seus Estatutos.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

O artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais Decretos 167/81, de 9 de xaneiro, 1234/83 de 20 de abril, e 1535/84, de 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

A Directiva 92/43/CEE , do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, establece que as autoridades competentes dos estados membros deben incluír entre os seus obxectivos prioritarios a contribución á garantía da biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo. Así mesmo, as medidas adoptadas terán como finalidade o mantemento ou restablecemento nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e flora de interese comunitario.

Moitos destes principios foron incorporados ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a Biodiversidade entre eles o relativo á necesidade de impulsar procesos de mellora na sostenibilidade do desenvolvemento, asociados a espazos naturais protexidos e a garantía da información e participación da cidadanía.

Así mesmo, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, considera como principio a conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética. Para isto contéplase a participación pública, a través da cooperación e colaboración activa dos sectores sociais e económicos implicados asumindo unha responsabilidade compartida nesta conservación.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas as competencias e funcións en materia de información, educación e formación ambiental así como no fomento de programas e accións de concienciación dos cidadáns para garantir o respecto e a mellora do ambiente.

A Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia (ADEGA), é unha asociación sen ánimo de lucro que ten por obxectivo a defensa do medio ambiente galego e a súa conservación, de acordo co recollido nos seus estatutos fundacionais e cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario. Esta Asociación conta con liñas de traballo encamiñadas á posta en marcha dun modelo de desenvolvemento ecoloxicamente sustentable e socialmente xusto como son a educación ambiental , o voluntariado ambiental e a custodia do territorio. ADEGA

ADEGA ven desenvolvendo dende hai anos accións concretas de educación e voluntariado ambiental, enmarcadas en accións ou proxectos concretos de conservación de hábitats, especies, ou patrimonio etnográfico, así como de loita contra as especies invasoras. Neste sentido, dispón da infraestrutura e dos medios técnicos axeitados, así como da experiencia necesaria en educación ambiental e coordinación de voluntariado. Así mesmo, nos últimos

anos consolidou unha ampla rede de voluntariado que garante unha capacidade de difusión e repercusión das actividades única en Galicia.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e ADEGA comparten en común a defensa e promoción da conservación de hábitats e especies en Galicia e consideran de gran importancia o desenvolvemento conxunto de actuacións de colaboración e cooperación no ámbito da educación e de voluntariado ambiental, fomentando programas de formación, educación e información xeral, sobre a necesidade de protexer as especies de flora e fauna silvestres e de conservar os seus hábitats, con especial atención aos usuarios/as do territorio, Por todo o exposto, as partes consideran a conveniencia de formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio de colaboración é establecer as condicións que rexerán a participación e colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e ADEGA para o desenvolvemento dun programa de educación ambiental que contempla diferentes actuacións de educación e voluntariado ambiental, centradas na conservación de especies e hábitats na xeografía galega e na loita contra as especies exóticas invasoras.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS INCLUÍDAS E A SÚA FINALIDADE

As actuacións previstas perseguen á busca de solucións aos problemas ambientais actuais, como a perda da biodiversidade, a través da participación cidadá.

A proposta de traballo divídese en dúas liñas prioritarias:

- Actuacións de inventariado, recuperación e construción a través de accións de voluntariado de pequenas zonas húmidas, co obxectivo de favorecer o estudo e a conservación de especies incluídas no catálogo Galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007), centrando o traballo preferiblemente en charcas temporais mediterráneas (hábitat 3170).
- Difusión da problemática das especies exóticas invasoras e actuacións en espazos naturais protexidos, que inclúe a difusión da Exposición “*Unha Invasión Silenciosa. A biodiversidade baixo ameaza*” en centros de ensino, concellos e asociacións, así como a loita contra a flora exótica invasoras co fin de fomentar a conservación destes

hábitats. Esta actuación da continuidade as accións desenvolvidas neste ámbito por ADEGA.

As finalidades principais do Programa son dar a coñecer o papel fundamental das especies galegas con problemas de conservación e as problemáticas ambientais asociadas, ademais de difundir prácticas e comportamentos que permitan á cidadanía a adquisición de coñecementos e o seu mantemento e mellora mediante actuacións que fomenten a súa participación.

Os obxectivos a acadar inspíranse nos emanados da Conferencia Intergubernamental de Tibilisi (1977), así como das recomendacións emanadas da Estratexia Galega de Educación Ambiental, e da propia Lei 9/2001 do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

Como obxectivos específicos, asúmense os seguintes:

- a) Divulgar a importancia de conservación das especies e hábitats protexidos de Galicia e incidir na necesidade de participación da cidadanía para a súa conservación.
- b) Dar a coñecer á cidadanía as súas responsabilidades ambientais, especialmente na conservación de especies e espazos naturais.
- c) Poñer en valor ecosistemas ameazados , tanto aqueles protexidos como aqueles outros que carezan de figuras de protección
- d) Fomentar o voluntariado ambiental en espazos naturais protexidos.
- e) Concienciación cidadá, permitindo a súa participación en programas de seguimento.
- f) Axudar na loita contra as especies exóticas invasoras mediante a realización de actividades de divulgación e programas de actuación para eliminación destas especies.
- g) Realización de actividades de divulgación, voluntariado ambiental e custodia do territorio centradas en especies en perigo de extinción, ameazadas, incluíndo tamén aquelas outras que puideran estarlo ou das que se conte con datos insuficientes.
- h) Contribuír á restauración de hábitats prioritarios.
- i) Contribuír ao coñecemento dos principais problemas ambientais locais e globais, particularmente aqueles relacionados coa conservación da biodiversidade, e poder participar na súa resolución.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio** asume os seguintes compromisos:

- a) Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio.
- b) Financiar as actividades contempladas no convenio.

- c) Facilitar o acceso a espazos protexidos para a realización de actividades enmarcadas dentro deste programa e a obtención das autorizacións preceptivas que corresponda, segundo o caso.

ADEGA, pola súa parte, comprométese a:

1. Realizar as actividades indicadas no Anexo I deste convenio, aportando os medios necesarios para a súa realización.
2. Facer constar a colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en tódalas actividades realizadas no marco deste convenio, de acordo co establecido na cláusula sétima.
3. Informar regularmente, e especialmente cando as actuacións sexan realizadas en espazos protexidos ou con especies protexidas, na forma que lle requira a Consellería.
4. Compartir coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en soporte informático, os datos da información primaria, gráfica e cartográfica das actuacións realizadas conforme aos criterios que se determinen por este departamento.
5. Confeccionar un informe detallado, en formato papel e electrónico, de tódalas actuacións realizadas, con indicadores cuantitativos e cualitativos dos resultados acadados.
6. Entregar á Administración Pública asinante no soporte requirido, os datos recadados durante o desenvolvemento do Programa.
7. Solicitar ao departamento correspondente da consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio as autorizacións pertinentes para a realización de todas aquelas actuacións obxecto do convenio que o requiran, conforme ao establecido na Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza e na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
8. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
9. Facilitar toda a información que se lle sexa requirida pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coa xustificación do convenio, así coma pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do obxecto do convenio, aportará dentro do exercicio 2016, unha contía máxima de dezaseis mil euros (16.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 07.04.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

QUINTA. RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia ADEGA, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, ADEGA asume como beneficiario as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá ser xustificado perante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, responda á natureza das actividades subvencionables e se realicen dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 15 de novembro de 2016. A tales efectos, antes do 15 de novembro, ADEGA achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos. Os pagamentos, xustificacións dos gastos e pagamentos axustaranse ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto do presente acordo.
- Comunicar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por

outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio. De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.

- Reintegrar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do presente convenio crearase unha comisión mixta formada por dous representantes de cada unha das partes.

Esta Comisión Mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican a sinatura do convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio, de ser preciso, para que a súa aprobación polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio

A citada Comisión establecerá a periodicidade nas súas reunións, segundo estime conveniente con motivo do seguimento do traballo efectuado.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

Con carácter xeral, en todos os documentos ou soportes informativos que se xeren como consecuencia deste convenio, deberá figurar de xeito expreso a participación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio mediante a lenda *“Coa colaboración da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio”*.

Así mesmo nos materiais impresos e online a publicidade aparecerá mediante a inserción:

- Do logotipo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e enriba deste aparecerá a lenda *“Coa colaboración de”*.

Calquera outro logo, incluído o de ADEGA, non poderá ter unha altura maior que o da Xunta de

Galicia, debendo respectarse unha proporcionalidade entre os logos, de xeito similar ao encabezado do presente convenio.

OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2016, e manterá a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2016.

NOVENA.- RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado. Son causas de resolución do presente convenio:

- a. O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b. O transcurso do tempo sen rematar as actividades acordadas.
- c. Por resultar inviable a realización das actuacións descritas neste Convenio por causas non imputables ás partes.
- d. A denuncia de calquera das partes.
- e. O mutuo acordo.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio poderá dar lugar ó reintegro total ou parcial das cantidades recibidas.

UNDÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

DUODÉCIMA.- REXISTRO DE CONVENIOS

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

En proba de conformidade cos termos deste Convenio, as partes comparecentes asínano por triplicado no lugar e data arriba sinalados.

Pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación
do Territorio

Por ADEGA

D^a Beatriz Mato Otero

D^a. Virxinia Rodríguez Álvarez

ANEXO I

1. ACTIVIDADES DE INVENTARIADO, RECUPERACIÓN E CONSTRUCCIÓN A TRAVÉS DE ACCIÓNS DE VOLUNTARIADO DE PEQUENAS ZONAS HÚMIDAS

a. Programa de actividades:

i) Actividades de divulgación

- Xornadas de divulgación sobre a importancia destes hábitats e as especies ameazadas vinculadas
- Celebración de xornadas formativas para o correcto inventariado e inspección de charcas temporais mediterráneas.
- Deseño e impresión de folleto divulgativo

ii) Voluntariado para o inventariado, restauración e construción de charcas temporais mediterráneas (Hábitat 3170)

- Inventariado de charcas temporais mediterráneas e incorporación a páxina web “Charcas con vida” (20 saídas).
- Celebración de dúas xornadas de voluntariado ambiental para a restauración e ou construción de charcas temporais mediterráneas.

b Orzamento: 7.000 €

2. ELIMINACIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS EN ESPAZOS PROTEXIDOS

a. Programa de actividades:

i) Divulgación

- Charlas divulgativas sobre especies invasoras en centros de ensino e visitas guiadas na Exposición sobre especies exóticas invasoras “*Unha Invasión Silenciosa. A biodiversidade baixo ameaza*” (5 charlas/exposicións)
- Deseño e impresión folleto informativo

ii) Voluntariado para eliminación de plantas exóticas invasoras

Celebración e continuación de xornadas de voluntariado ambiental para eliminación de Especies exóticas invasoras nalgún destes espazos (mínimo dúas xornadas de día completo e 1 campo de 3 días de duración)

- Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Atlánticas de Galicia (Cíes, Ons, Sálvora)
- Monte e Lagoa de Louro
- LIC río Támega

b. Orzamento: 9.000 €